

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 8/2019, DO 11 DE XUÑO, PARA A APLICACIÓN DA NORMATIVA DE PROTECCIÓN DE DATOS NO PROGRAMA DE PEDIDOS

I.-Antecedentes

A Xerencia e a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo publicaron a Instrución conxunta 5/2019 o día 1 de marzo de 2019 para o desenvolvemento de medidas de tratamento de datos de carácter persoal en aplicación das exixencias legais derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de 2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

II.-Instrución

Cando a Universidade de Vigo precise dos servizos dunha empresa externa é preciso que se tramite con anterioridade un pedido electrónico.

Se para cumprir o encargo a empresa provedora é preciso a cesión ou acceso por parte desta empresa aos datos persoais da que é responsable a Universidade de Vigo, será preciso a sinatura previa dun contrato de encargado de tratamento no que se establezan as condicións desta cesión ou acceso de acordo coa normativa establecida no apartado I.-Antecedentes e conforme ao establecido no apartado VIII da Instrución 5/2019 referida aos contratos para encargados do tratamento.

Unha vez asinado o contrato, e para que quede constancia no pedido electrónico e así cumprir coa lexislación vixente será preciso especificalo no pedido.

Deberá concretarse no modelo do contrato de encargado de tratamento a identificación no encabezado da persoa física ou xurídica encargada do tratamento, as cláusulas 1 e 2 relativas ao obxecto do encargo do tratamento e a identificación concreta da información afectada, tanto a tipoloxía de datos como a categoría de persoas interesadas.

A PROPOSTA do contrato de encargado de tratamento asinada pola empresa encargada do tratamento remitirase á Xerencia quen decidirá sobre a súa adecuación á normativa sobre protección de datos, que de ser necesario será supervisado pola Delegada de Protección de Datos.

Posteriormente, dito contrato será asinado polo órgano competente segundo o disposto na Resolución Reitoral de delegación de competencias da Universidade de Vigo.

Por último, o contrato asinado deberá xuntarse obrigatoriamente á documentación do pedido.

III.-Procedemento

No momento de crear o pedido electrónico, ou no seu caso sempre antes de que estea en fase TRAMITADO será preciso pinchar na opción de ACEPTO LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS que aparece na pestana inicial de DATOS de calquera pedido electrónico.

Ley de Protección de Datos



Ley orgánica de protección de datos



* Nuevo Documento

Seleccionar archivo

Ningún archiv...seleccionado

Gardar

Cancelar

Ningún archivo seleccionado

IV.-Anexo

Achégase anexo con modelo de contrato con empresas para a cesión de datos persoais.

A/A ADMINISTRADORES/AS DE ÁMBITO
A/A SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
A/A SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERIA
A/A SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
A/A SERVIZO DE CONTROL INTERNO
A/A DIRECTOR DA BIBLIOTECA
A/A SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
A/A RESPONSABLES DA OFICINA DE I+D e DA ORI
A/A DIRECTOR ATIC